

# A NOSTRA TERRA



## Nova Chulería de Don Luis Eloxio da Federación de Sociedades Galegas

Sendo moi certo que hai sabios necios cando traspoñen os lindeiros da súa disciplina, nada nos custa creer que Don Luis Jiménez de Asúa sexa, como se di, un ilustre profesor de Dereito penal. En canto a estimar os seus méritos de profesor para concederlle os honores de gran político, eso foi un esceso cometido pol-os homes da segunda República hespañola ao supoñerlle un talento que realmente non tiña. De todos xeitos é lamentable que agora Don Luis ande amostrando en público a súa escasa intelixencia de político, porque as xentes acabarán por negarlle os méritos que cicás lle corresponden como profesor. E conste que non falamos así porque un presunto sabio nos distinga coa súa xenreira, senón porque os estadistas da República hespañola deben, polo menos, manter no desterro as aparencias do bó sentido común.

Analicemos a derradeira presentación en público do ex-ministro Sr. Jiménez de Asúa. Este señor disertou no Centro Lucense sobre as "autonomías rexionales", e, apesares de ser advertido polo Dr. Díaz Trigo, respecto á posición ideolóxica da nosa colectividade, non foi capaz de reprimir a súa infantil malevolencia e portouse como un trúa. Sabíamos que non era diño de ocupar aquela tribuna, e menos para desenrolar un tema mil veces utilizado por él en detrimento das léximas aspiracións de Galiza. Coñecemos, en fin, o pouco siso político de tan ilustre profesor; pero nunca maxinamos que se deshonrase até o extremo de botar man da mentira como único modo de combatirnos. Porque un sabio pode ser necio en materia política, pero non canalla.

Tomemos a risa todo canto dixo Don Luis a prol da súa intervención en favor das autonomías rexionales, proclamándose pai e señor da Constitución republicana do 31 e atribuíndolle a uns artigos reditados por él o feito de dar cauce legal ás aspiracións de Cataluña e demais povos hispanos. Pofo visto alí non había un Goberno de discusión e unhas Cortes para discutir; alí sóo estaba Don Luis Jiménez de Asúa, o árbitro supremo da República, o creador absoluto da Lei... Tan fora de xuício se colocou este vanidoso tribuno, que a nosa risa podía trocarse en gargallada con soio lembrar que nunca propuxo nin redaitou cousa algunha que denantes non estivese escrita en propio ou estrano idioma; pero ben se vé que a vanidade de Don Luis non se dá en homes conscentes e responsabeis. Esa é condición exclusiva de nenos presumidos e consentidos.

Podíamos entrar agora no cerne do discurso pronunciado por Don Luis; pero será mellor que nos deteñamos un bocadiño máis nos falsetes preliminares. Así, por exemplo, cando asegurou que o criterio federalista primaba no ambiente inicial da República porque alí ninguén coñecía o alcance de semellante idea. Faltoulle engadir que o seu Partido abogaba por unha "Confederación de las nacionalidades ibéricas", porque os socialistas hespañoes, seus correligionarios, eran máis parvos que os mesmos republicáns... Afortunadamente, a República contou con Don Luis, que sabía os males froitos que o federalismo estaba dando no mundo... Por eso non permitiu que se tronzase a maravillosa armonía que reina dentro do Estado hespañol, pois non outra cousa significaría o triunfo federalista, estabrecendo unha

pero, en troques, pode aplicárselle, con moita xusticia, a Don Luis Jiménez de Asúa, que, ao sentir os primeiros tiros da guerra civil, fuxeu prudentemente de Hespaña, a toda presa, para defender a República dende lonxe, fora de todo perigo e cobrando en ouro...

Claro está que as simples vanidades de Don Luis non merecerían que lle adicásemos tan estenso comentario. Pero é que Don Luis minteu descaradamente ante un público non enterado de certos pormenores, co único obxecto de desprezar a causa galeguista. E tal aición xa non é unha parvada, senón unha canallada. "Yo no tengo pelos en la lengua para decir la verdad" —con esta frase iniciou a mentira—; pero a lingua d-un home honesto, anque non sexa profesor, nin ex-presidente das Cortes, debe ter freno para controlar o que di

Damos a coñecer un extracto do discurso que pronunciou Don Alfonso R. Castelao no banquete celebrado con motivo do XXVII aniversario da Federación de Sociedades Galegas, porque entendemos que non foi recollido con fidelidade.

Hoxe celebramos un novo aniversario d-esta Federación, que ben pode considerarse gloriosa.

Eu non estaba en Bós Aires cando se fundou; pero xa estiven denantes, e, por ter sido emigrante, sentíame ligado a todo canto eiqú facían os galegos. E unha unión de Sociedades pareceume orixinal e maravillosa.

Asiduo lector do seu órgano periodístico, fun enterándome dos bandazos que a Federación sufría. E debo confesar que no tei épocas boas, épocas excelentes, épocas inúteis e algu-

No período pre-republicán, a Federación foi o mellor baluarte do republicanismo, eiqú i en toda América, amostrando unha fé absoluta e contaxiosa. Tanto foi así, que o "Centro Republicano Español", que hoxe existe, era inquilino da Federación de Sociedades Galegas.

Ao proclamarse á República en Hespaña, a Federación enviou delegados a Galiza para que interviñesen na republicación do noso país. Un dos seus fundadores, Alonso Ríos, ao chegar, presideu a Asambrea convocada pol-a Federación dos partidos republicáns, celebrada en maio do 1931, para sentar as bases do Estatuto de Galiza, dentro d-unha República federal. E Ramón Suárez Picallo foi elixido deputado nas Cortes Constituintes, en representación dos galegos emigrados. Todo isto demostra que o republicanismo da Federación chegou a Galiza, influíndoa.

Ao meu entender, a Federación de Sociedades Galegas foi, principalmente, unha escola de liberalismo republicán, n-un clima da posguerra do 14, ao marxe dos partidos.

Hoxe o republicanismo galego xa non é esclusivo da Federación; pero cábelo á Federación o honor e a gloria de haber republicano a nosa colectividade. Este é o froito da visión que tiveron os seus fundadores. Tanto é así que ben se diferencian as Sociedades que pertencen á Federación ou cuos directivos se formaron na súa escola, pois o seu republicanismo é máis forte e máis conscente.

Eu propoño que se escriba unha Hestoria da Federación de Sociedades Galegas, recollendo as súas vicisitudes a través do periódico e as actas dos seus congresos, pero, sobre todo, dos episodios que viven no recordos dos vellos asociados.

Pois ben; así como a Federación foi o mellor baluarte do republicanismo, cando a monarquía estaba en pé, hoxe, a nosa colectividade é o mellor puntal da causa republicana, eiqú i en toda América. Pero este feito non está recoñecido pol-os republicos hispanos, atordoados por egolatrías absurdas ou por inoperantes egoísmos de partido. Os galegos republicáns e autonomistas de Bós Aires, ac festexar o XXVII aniversario da Federación de Sociedades Galegas, invitamos aos republicáns hispanos a que reforcen a súa fé, dando de lado a todo contubernio cos monárquicos.

E que todos sepan que para nós hai dúas verbas sagras: República e Galiza.

**No Centro Galego pode pasar o que uns e outros, menos nós, querren que pase: o que ninguén máis que nós tratou de evitar. Porque o noso intrés pol-o Centro Galego é patriótico, non político; e sempre colaboraremos con quén honre á nosa colectividade, nunca con quén a deshonre.**

CASTELAO

igualdade de dereitos para todos os povos hispanos. O único que Don Luis podía consentir era o estabrecimento de unha ou varias autonomías concedidas por gracia do vello Estado, patrimonial de Castela. E quén non está conforme, que se marche de Hespaña!

Seríamos inxustos se non recollésemos a ledicia de Don Luis ao comentar a tendencia federalista de Europa, que, polo visto, ven a reforzar o seu antifederalismo hespañol. "Eso demuestra que el tiempo de los países pequeños ha pasado" exclamou o ilustre profesor de Dereito penal—, dando a entender que xa non son válidas as nosas aspiracións; pero n-este caso o país pequeno non sería Galiza, senón Hespaña, que terá de renunciar á súa integral soberanía cando entre nos Estados Unidos de Europa. ¡Probe caletre o de Don Luis! Pero vexamos con qué cordura atacou aos que, chamándose autonomistas, non teñen, según el, a valentía de declarar o seu encoberto separatismo. "Siempre ocurre —dixo— que cuando el barco marcha viento en popa todos quieren ir en él, pero cuando hace agua todos tienden a escaparse". Semellante simil non é aplicable aos "separatistas", que defenderon a República dentro do territorio hespañol, con risco das súas vidas;

ga, e Don Luis non ten frenos en ningunha parte. Así, este desenfadado home público, coa súa mellor voz de falsete, contou que na reunión de Cortes presididas por él en México, un grupo de deputados galegos "pretendieron a todo trance la aprobación del Estatuto de Galicia, a lo que me opuse terminantemente...". Este relato é un embuste complotado e, ademais, revela unha necia petulancia, porque, aparte de que alí ninguén pretendeu que se aprobase o noso Estatuto, calquera deputado —e non digamos o Goberno— podería oponerse á suposta pretensión dos representantes galegos, menos Don Luis, por ser o presidente. Alí os deputados galegos sóo pediron que se restabrecese a Comisión de Estatutos, cousa que foi aprobada por unanimidade das Cortes, según consta no correspondente Diario de Sesións. En canto ao insobornabel republicanismo de Don Luis, abondará dicir que non lle impide formar parte d-un Comité creado por desinio de Prieto para entenderse cos monárquicos...

Así son os republicos que nos combaten. E, se ao ler esta crónica alguén coída que somos irrespetuosos, nós responderíamolle que mal podemos respetar a quén non empeza por respetarse a si mesmo.

nhas malas.


Pero hai algo que se mantivo constantemente vivo na Federación; o espírito apasionado de polémica, propio do liberalismo, que a levou a abrazar a causa republicana, cando a monarquía estaba en pé e sostida por un respecto tradicional.

Empezou identificándose co movemento agrario de Galiza; pero as Sociedades agrarias detivéronse no problema dos foros e outros tópicos, que non eran bandeira suficiente para crear unha política de porvir. E a Federación superou axiña o agrarismo.

Compre dicir que os fundadores da Federación foron os aliadófilos da nosa colectividade durante a guerra europea do 14, en contra do criterio xermanófilo que primaba no ambiente galego.

Durante a ditadura de Primo de Rivera, a Federación combateu rexamente contra aquel ensaio totalitario, cando moitos emigrados galegos aplaudían ao ditador, cicás aborrecidos da democracia caciquil da monarquía.

Esta época da Federación pesou con extraordinaria eficacia no sentimento popular de Galiza e sirveu de consiña a un novo movemento político. Era a voz dos galegos libres, que chegaba d-un mundo pleo de liberdades.



¿En qué quedou o conchavo entre os prietistas e os marxistas? ¿Enténdese Prieto con don Xoán, ou este arriouse a Franco, que e o sol que máis quenta?

Despóis de tantas declaracións sansacionaes e de tantas lelas e vindas, todo ficou envolto nunha escuridade sombrisa e os aitores non teñen nin folgos para dar un chío.

Val máis que se haxa baixado o telón sobor de asunto tan desgraciado sen que trascenda o que sucedeu entre bastidores. Hai cousas que é preferibel non saíran nunca á luz do día, porque, ao velas, un sentiríase avergonzado de haber creído algunha ves nelas.

¡Ben di o refrán que onde se coñecen os homes é nos frances malos!

Un movemento alarmante produxose na O.N.U. a favor de Hespaña. Esta foi adimida nunha das comisións —a máis inofensiva, a de estadística—, sen grandes protestas.

O feito non ten importancia en si mesmo, pero tena, e grande, polo que significa respecto á atitude da entidade mundial con Franco para un porvir, cicáis non lonxano.

Pol-o de agora fíxose entrar ao Caudillo pol-a porta de servicio, porque aínda hai quen se avergonza de velo pasar pol-a porta principal; pero xa chegará o día en que sexa recibido con todol-os honores de trunfador.

Ao fin e ao cabo él é o único conseqüente coa súa finalidade: destruír ao bolcheviquismo.

Seguramente que para agradar aos seus padriños, o xeneralísimo convocou ás eleccións que escomenzaron a celebrarse en Hespaña fai uns días —e dicimos que escomenzaron, porque terminarán o mes que ven.

Pouco a pouco iráse poñendo a ton coas directivas que lle dean os seus valedores. Como o oso, bailar á son que lle toquen.

Poderá dicir, como aquel rei truhán que tivo Hespaña nun intre crucial da súa vida: “¡Marchemos, y yo el primero, por la senda constitucional!”.

Nós non sabemos si tomalo a risa ou en serio, pero o que podemos afirmar, con toda xustiza, é que sería necesario que volvera a baixar á terra outro Mesías e que sacara do tempo a latigazos aos novos fariseos.

Por certo que non todol-os falanxistas atópanse de acordo coa política do seu xefe. Temendo que este achéguese demasiado á monarquía, parece que houbo protestas dos adherentes á “Hespaña, una, gran, imperial”, lema que está xa un pouco esquecido.

Por elo efectuáronse cambios nos outros cargos da garda persoal do caudillo de Falanxe, que determináron descontentos e censuras, que non haberán sido moi gratas para o interesado.

Entre outros aitos de desagrado, houbo unha manifestación pol-as rúas da antiga corte —hoxe cortello— que chamou extraordinariamente a atención aos espietadores, que estaban asustados de tanta audacia. Nada menos que grandes cartelóns con lendas atrevidas levaban os revoltosos falanxistas.

“¡Ni Stalin, ni Franco nos echarán!”, rezaban algunhas de elas. “Non será este outro “truco” do maese Pedro hespañol para asombrar ás vellas beatas?”

Hai que desconfiar das artimañas totalitarias.

Don Luis non ten cura. Galiza non lle entra pol-a gorxa. Non desperdicia ocasión para opórse aos nosos anxeos de autonomía.

Nós nada teríamos que dicir si esa atitude fora parella; si o mesmo condenara a autonomía catalana e a vasca. Pero, ao que parece, nós somos os únicos que non merecemos ter goberno propio.

¡Y este home, que pasa por sere unha das máis outas figuras da República, ilustre penalista, presidente das Cortes, principal confeccionador —según él— da Constitución do 31; etc. etc. fala de tal xeito nunha casa galega, que o recibe cordialmente, vendo nel unha personalidade digna de honor e de respecto!

¡Mal político é D. Luis! Non sabemos o que será como penalista; pero temos dereito a dudar da súa capacidade como tal, en vista das probas que dou de falla de senso común e de outras cousas máis graves.

Usando as verbas que a él lle deben ser familiares, poderíamos afirmar que hai probas indiciarias de que na súa intelixencia non é ouro todo o que reluce.

Aconsellámoslle, para cando fale en público, que tome... bromuro.

Nesta bendita capital de Bós Aires atópare de todo, anque hoxe sintase un pouco de escasez en certas manufacturas importadas.

Por máis que non se trate de manufacturas do que vou a falar, o produto é de importación.

Fai bastantes anos que chegou a estas terras un flamante abogado galego, mozo espilido e ambicioso, que pol-o seu nacemento vinculouse coa nosa colectividade e axiña entrou como profesional no Banco de Galiza.

Vixou carreira, pero buscando máis amplos horizontes, cul-

## IN MEMORIAM

## Roxelio Rodríguez Díaz

Fai pouco finouse Roxelio Rodríguez Díaz. Deixou a vida pra irse pol-os camiños do alén: no viaxe sin retorno. Unha das boas cousas a que pode aspirar un home, nos intres de se finar, é que d-él se poida decir que foi un home bó. Non sabemos si Roxelio tivo na súa vida esa aspiración, pro sabemos que deixou unha boa lembranza de sí. Foi un home bó e foi un bó galego. Esto aborda pra que se lle renda o homaxe d-unha garimosa lembranza. As suas ideas i-os seus principios non eran compartidos por nós, mais eso non é oustáculo pra que reconozcamos as súas virtudes. Galicia tivo n-él, por enriba de todo, un bó fillo que sempre soupo amal-a e comprendel-a, querel-a e respetal-a. Era un poeta en cujos versos; así como n-outros traballos de boa factura literaria, campeaba o sino da raza e lucía a impronta galega con fondura de pensamento e sentimento. ¿Qué máis lle podíamos pedir? O feito de que, politicamente, non estivese con nós e se topase no extremo oposto das nosas ideas, non significa que, en canto se relacionaba coa patria lonxana, non compartise a nosa maneira de sentir e de pensar. Era un galego de lei. Era humano e cordial, sempre disposto a facer o ben sin reparar a quen lle facía. Era cristiano; un cristiano que, por sel-o, non soupo de odios, envexas nin rencores.

Morreu un home bó, un bó galego, Roxelio Rodríguez Díaz. Seian estas verbas como un garimoso homaxe á súa lembranza e como testimoño do noso fondo sentimento pol-a súa prematura morte, que puxo a tristura no noso espírito. ¡Paz aos seus restos!

A. D.

## Da Galiza Emigrada

Por A. ALONSO RIOS

Hai nas nosas xefes espaxadas ao longo da América, non soio o sentimento fondo das cousas galegas, senon, a prol deste sentimento, unha arela de porvir, de futuriidade galega. En cada galego e galega emigrados rebule unha inquedanza, un desasosego que os chama cara a un fito que está no alem e que turra por eles, que os empurra coa forza fadal dun desíño.

Un latezo, unha palpitação do ser nacional pon en movemento as vontades e determina agrupamentos que van artellándose en coincidentes finalidades patrióticas, que procuran escudar no pasado, que intuíen ou presinten un máis que require dos nosos emigrados o seu esforzo, a súa adicación devota e cotidián, adicación do seu pensamento, adicación do seu traballo, adicación dos seus sonos e das súas ilusións.

A iáma galega —latezo que sintoniza os corazóns dos galegos emigrados, que os fai vivir na íntima comunión da Terra— é un feito que rebule, que brinca e faise ouvir e ver no tremor da voz e na emoción fonda que rube ao espello de cada faciana cada ves que o máis cativo detalle abre o tornadoiro dos recordos.

O galego emigrado descubre dentro de si, día tras día, un tesouro de beleza un mundo de grandeza nacional que lle ven dos seus antergos, que corre no seu sangue e que vai despertando na súa iálma como unha revelación: é un amanecer que lle foi entrar pol-a ancha fiestra do pazo a ollada do herdo histórico que lle tiveron acochado; é o encontro consigo mesmo que lle da senso e significación a vellos feitos, e formas, e sons, e tradicións, e costumes, e arelas, e borrosos recordos, e presentimentos, e pesadelos e ao facer sin atinar co porque, e

ás inquedanzas sin oll-a sua causa; é o encontro co mesmo cerne da nosa vida que se ve de súpeto alumneada por unha nova luz que todo o fai acrarar e comprender.

A Galiza emigrada está a xermolar. Na terra d-as concencias galegas estoupa a semente do noso ser nacional, a nosa tradición, nunca morta, conquiere vixoso pulo; a nosa fala impón a súa outa categoría; a nosa cultura non soio amostra con xustificada fachenda os seus antigos pergameos, senon que froece con nova e puxante vida. E novas e grandes empresas, anostriativas de recordamento nacional galego, están a xestarse vista beira do Atlántico.

A Galiza emigrada sabe, ten plea conciencia do fogo íntimo, fonda, por veces conscente, casi decote inodoro, que, alá na noite que envolve a Terra, ás veces deixa ollar un esvaído cintiloso deend-as follas dalguín xornal ou no contido dalguín libro.

A Galiza emigrada ten conciencia do insobornabel lealdade do noso povo, que, aínda sin decatar-se d-elo, leva dentro, moi dentro da iálma o ser eterno da nacionalidade galega.

E a Galiza emigrada manterá acceso o facho de luz que terá de trunfar daquela noite que manca de cegueira as novas xeracions e tolle as súas arelas.

Coa luz limpa e pura do máis acceso patriotismo, espresado en feitos persoales e grandes empresas colectivas, terá a Galiza emigrada de sandar aquela cegueira e ceibar aquelas arelas, pra que os galegos todos poidamos dicir con verdade: “A Nosa Terra é Nosa”. E donde isa Terra nosa poidamos dialogar de igual a igual cos povos libres do mundo e cooperar con eles nunha labouira común de solidariedade, adianto e milloramento humano.

Unhas manifestacións contrarias d-aquela época, orixinadas en impercisos señores, non tiveron a merecida réplica de quenes debían e podían dala.

É significativo que personalidades extranxeiras haxan advertido algunha vez a incoherencia do sistema centralista en Hespaña. Y un eminente xégrafo francés, Eliseo Reclus, dixo: “Sobre suelo hespañol está escrita a verba federación”.

O término “federable”, pois, non arreglaba nada, dando a impresión de ser adoutado con miras a Cataluña o, tal vez, a Euzcadi. Galiza non entraba en ningún cálculo, revistando, por ise camiño, indefinidamente como aplazada.

Ao respecto convén recordar que non ostante o pacto de San Sebastián, trascurriron cinco anos antes de que Galiza plebiscitara a súa autonomía en visperas do alzamento militar. Y isto, non sin duras inposicións e trabas, despóis de entrar os galegos, previo compromiso do estatuto, no frente popular. Euzcadi outuvo a súa autonomía en plea guerra civil para que puxera entusiasmo na loita.

Desgraciadamente, no que se refire a Galiza, foi amarga a experiencia recollida pol-os republicáns, pois non poideron aproveitar forzas valiosas que serviron aos insurrectos para axudar a derribar a segunda República.

Pol-o espósito vése que o ano 31 non foi de sorte para a causa federal. Parec que desde a sombra presidida o escenario o espírito dos pioves homes do réximen que tratábase de sepultar.

A. GOMEZ

## QUEDE ATRAS O 31

Ao discentirse nas Cortes Constituintes sobor que bases había de orgaizarse a segunda República Hespañola, foi visíbel a incomodidade que o tema traduxo para a maioría dos señores parlamentarios, que vian perturbado o curso ordinario das deliberacións por un escello que podía comprometer o prestixio da Cámara, xurdida nun intre propicio para falar de liberdade e tolerancia. Creaba a tal cuestión unha atmosfera molesta, da que todos desexaban saír axiña e con gallardía.

Desde o seu nacemento, contou a segunda República con asistencia de homes prestixiosos pol-a actividade intelectual ou pol-a súa militancia política ou sindical, moitos de cujos nomes resultaban simpáticos ao sentimento popular, en virtude de actitudes firmes e valentes en asuntos que conmovían oportunamente ao país. E non só pol-os ministerios desfilaran cidadáns ilustres, senon que o parlamento deu cabida no seu recinto, con limitadas excepcións, a verdadeiros grupos seleitos, con respetabel número de ateneístas.

Habendo, pois, estado desempeñadas por xente tan destacada as funcións gubernamental e legislativa, era dable esperar a solución sabia, acer-

tada que reclamaba o auténtico intrínseco do país. Ningún home responsable dos que brillaron no firmamento republicán querría expoñerse ao desprestixio, opoñéndose abertamente ao encañe natural das cousas. Pero ve-xamos.

Sin obstruír totalmente o camiño que conducía ao xusto e conveniente encañe, arbitrouse unha fórmula que deixaba as cousas caso como se atopaban no tempo de Alfonso de Borbón. A fórmula era: “República Federable”.

A pouca de reflexionar advertíase que co esta solución os señores que no parlamento ou no goberno se opoñían ao sistema federal, arriesgaban moi pouco, logrando, en cambio, manter firme o seu prestixio ante amigos e adentes, e salvar o onstáculo.

Craro que, repasando aínda de maneira superficial o mapa peninsular, non é fácil explicarse como figuras do relieve das que pasaron pol-as diversas ramas do goberno non alcanzaron a penetrar fondo en cuestión tan importante, n-a quil-Abril mainifíco, ledo, cheo de xentes esperanzadas, saudando o novo réximen con cantos alusivos. Distá mesma inexplicabilidade compréndese porqué algu-

tivo o hespañolismo de “Marcha de Cádiz” e, como premio, déronlle o cárrgo vitalicio de presidente da Asociación Patriótica Española —¡ole tu mare!— e de orador oficial en cantas cuchipandas hispanas e reacionarias se celebran eiquí.

Pois ben; este pintoresco personaxe, diño de Muñoz Seca, nun banquete que lle deron a Artallo no antro feixista do Club Español, dixo con énfasis de cómico malo: “¡Castilla, mi tierra!”... Non queremos dicir de quen se trata, porque o seu nome luxaría o papel onde se escribira.

¡Basoira!

# Eleicións en Hespaña OS INFECUNDOS

O 21 e o 28 do mes en curso celebráronse en Hespaña eleicións municipais. Dende o ano 31, cando aquelas sonadas que derrubaron unha monarquía secular e truxeron unha República "alegre e confiada", non se habían renovado, en acción electoral, os municipios hespañoles.

Pero estas eleicións teñen un aspecto singular: non terminan o mesmo día. Como as obras de teatro, desenrólanse en varios actos. O primeiro e o segundo realizáronse os días mencionados. Nélles elixiron concelleas, sucesivamente, os pais ou cabezas de familia —os únicos que podían votar— e os sindicatos verticais. O terceiro efectuaráse o 5 do mes que ven, e serán designados os representantes dos profesionais.

Como se ve, a cousa é un pouco complicada; pero non hai dúbida que sairán triunfantes os candidatos do goberno: non se concibe doutro xeito, dado o réxime brutal que impera na Península.

Parece que a concurrencia —según os xornales— non foi numerosa; houbo unha abstención dun cincuenta por cento. Non ocorreron incidentes, salvo en Pamplona, onde os tradicionalistas, xunguidos aos monárquicos e aos independentes, impuxeron o día 21 a súa lista sen necesidade de elección, posto que, a última hora, o goberno retirou a súa por temor ás violencias con que amenazaban os "requetés".

Todo isto, como o lector comprenderá, é unha burda farsa feita polo caudillo para conquistar as simpatías de certas democracias, que a todo trance queren que Hespaña entre a formar parte das Nacións Unidas; pero como elas eixen que o réxime totalitario hispano se vaia transformando, ou "camuflando", en democrático, para cubrir as vergonzas, velaí o esplicación do caso.

Asqueia pensar que de maneira tan indecorosa se xogue coa vida dos povos. Os entendidos din que a diplomacia non ten entranas; que se sacrifica o máis sagro en beneficio dos intereses nacionais; que a xustiza non conta cando hai que triunfar sobre un adversario.

Todas estas e outras manidas monsergas son espostas de cote para tapadeira de apetitos inconfesables e anxeos de omnipotencia. Nosoutros non alcanzamos a comprender que eixistan dúas éticas no mundo; unha para uso exclusivo das persoas, nas súas relacións particulares, e outra para o exercicio da outa política internacional. Nosoutros creemos —cicáis candidamente— que mentras non haxa unha soa moral, non haberá paz na terra.

E creemos, ademais que en tanto non se restabreza en Hespaña o réxime democrático e liberal, que foi abatido coa axuda dos nazifeixistas, non se poderá alardear do dereito dos povos a dárense o goberno que lles plazca, nin lanzar eicomunións contra de quenes non se plegan á vontade dos que queren marcar rumbos á Humanidade.

Poide ser que alguén nos trate de ilusos e diga que estamos no imbo. Certamente, estaremos no imbo. Mais preferimos eso que ir ao ceo cos pillastres.

## TRADUCCION

El 21 y el 28 del mes en curso se celebraron en España elecciones municipales. Desde el año 31, cuando aquellas famosas que derribaron una monarquía secular y trajeron una República "alegre y confiada", no se habían renovado en acción electoral los municipios españoles.

Pero estas elecciones tienen un aspecto singular: no terminan el mismo día. Como las obras de teatro, se desarrollan en varios actos. El primero y el segundo se realizaron los días mencionados. En ellos eligieron concejales, sucesivamente, los padres o cabezas de familia —los únicos que podían votar— y los sindicatos verticales. El tercero se efectuará el 5 del mes próximo, y serán designados los representantes de los profesionales.

Como se ve, la cosa es un poco complicada; pero no hay duda que saldrán triunfantes los candidatos del goberno: no se concibe de otra suerte, dado el régimen brutal que impera en la Península. Parece que la concurrencia —según los periódicos— no fué numerosa; hubo una abstención de un cincuenta por ciento. No ocurrieron incidentes, salvo en Pamplona, donde los tradicionalistas, unidos a los monárquicos y a los independentes, impusieron su lista sin necesidad de elección, puesto que, a última hora, el gobierno retiró la suya por temor a las violencias con que amenazaban los "requetés".

Todo esto, como el lector comprenderá, es una burda farsa hecha por el caudillo para conquistar las simpatías de ciertas democracias, que a todo trance quieren que España entre a formar parte de las Naciones Unidas; pero como ellas exigen que el régimen totalitario hispano se vaya transformando, o "camuflando", en democrático para cubrir las vergüenzas, he ahí la explicación del caso.

Asquea pensar que de modo tan indecoroso se juegue con la vida de los pueblos. Los entendidos dicen que la diplomacia no tiene entranas; que se sacrifica lo más sagrado en beneficio de los intereses nacionales; que la justicia no cuenta cuando hay que triunfar sobre un adversario.

Todas estas y otras manidas monsergas son expuestas de continuo para tapadera de apetitos inconfesables, y anhelos de omnipotencia. Nosotros no alcanzamos a comprender que existan dos éticas en el mundo: una para uso exclusivo de las personas, en sus relaciones particulares, y otra para el ejercicio de la alta política internacional. Nosotros creemos —acaso candidamente— que mientras no haya una sola moral, no habrá paz en la tierra.

Y creemos, además, que en tanto no se restablezca en Es-

Xa se ten dito muitas veces. A colectividade galega da Arxentina é a meirande de todas as colectividades representativas ibéricas de aquí. E tamén a máis dinámica, a que máis traballa a que máis entidades crea e sostén co esforzo de todos os seus compoñentes, en manífica eclosión de ideais, de aspiracións e nobres deseios de melloramento.

Dende fai un cuarto de século a nosa colectividade foi a que sinalou rotas e foi a que máis pesou nas decisións xeradas en todo o que tiña social. En canto a Galicia, a nosa colectividade endexamáis deixou de relación con Hespaña, coa súa política e co seu desenvolvemento prestar atención ós seus problemas, para les atopar solución e buscar o xeito de suerger a personalidade galega ó prano que lle corresponde polos seus méritos.

Muito levamos feito no orden nacional galego e no orden hespañol do que, por certo, non podemos desentendernos, nin pretendemos facelo. Muita levamos feito entre nós e podemos estar satisfeitos ó ver que, despois de vinte e cinco anos, chegamos a un punto en que

nos é dado ollar que a nosa labora, a labora de todos nós, rendeu os frutos que de ela se podían agardar. Hoxe somos os queridos, comprendidos e respectados, de xeito que podemos sentirnos orgullosos. Coidamos ter superado unha boa etapa do noso desenvolvemento como xentes emigradas e organizadas, nun país amigo e cordial, no que nos é dado, con certa relatividade, sentirnos galegos e proclamar o noso bon nome de tales.

Pro, hai unha falla e é que aínda non temos superada unha cousa que xa deberíamos ter esquecida. É esa malditoada costume que aínda hoxe, teñen algunhas persoas de poñer de manifesto xentilezas, persoalísimas e rencores; pequenas miserias que somente caben en corazóns murchados e fállos do verdadeiro sentimento de irmandade, cousas de xentes que non poder soborpoñerse ás nimiedades, que non saben de comprensión e que sempre razoan d-acordo a un criterio estreito, mezquino sin ter en conta os propios defectos, pensando, quizades, que somente eles son os depositarios das virtudes e que os demais son xen-

tes que non merecen consideración nin respecto, polo cal non tetubean en luxar cretos e honras, como se eles fosen deuses dispensadores da gracia e os únicos que puidesen defuñir o ben e o mal na acción dos alleos.

Con un pouco de xenerosidade poderíaslles atribuir a esas persoas que cretean o que fan os demais, os mesmos méritos que teñen os que por eles son criticados; pro eso tería que ser con d-abonda xenerosidade, pois sin eso, non se podería chegar a tanto xa que é moi difícil convencerse de que quen se pasa a vida espillando os defectos alleos, non teña a mesma, ou meirande, cantidade de defectos que a que él pode sinalar nos demais. Hai xentes que non saben mirarse no espello, ou se se miran, vense horribels e, como non se poden axistir a creer que a imaxe que ven é a súa, coidan que é a dos outros e axiña saen a berrar des-pavoridos pol-as rías, como profetas afrebados que se coidan os es-colleitos de Deus pra reprobar e sinalar os que van polo camiño da perdición, como eles creen sin se decatar de que os que están perdidos son eles mesmos.

Temos aínda unha praga de criticós, de profetas da maldade, profetas torvos que se pasan a vida mirando as chagas alleas e non ven as súas propias postemas, homes incapaces de botar unha ollada introspectiva dentro de si mesmos, porque eles coidan ser puros, de toda pureza; homes que queren ser guieiros cando aínda non teñen acreditado méritos para que outros se dinon descender a impartirlles ensinanzas e leválos polo camiño do ben, do que, certamente, se topan alonzados.

Eses criticós son homes de corazóns amargurados polo soledade e pola súa pequenez; son homes ós que nunca lles chega un orvallo que os purifique das súas sequedades; son homes infecundos en todo; até cando defenden algo sin infecundos, pois todo o que eles defenden ou laudan, apágase, murchese, sécase, pérdese, como unha colleita despois d-unha sequía, ou d-unha treboada. Os eixemplos podense citar a demostrar. Abonda que eses homes defendan algo, ou a alguén, pra que ese algo ou ese alguén se afundan no descreto e se vayan perdendo na escuridade sin fin. Mediten sobre d-esto os que contan con tales defensores e medite a colectividade enteira que xa é tempo de que se desbote a eses aventureiros da profecía que nada teñen acreditado, como non seia ser "Yefatores", benfeitores do mal, profesionais da argallada, vulgares ecarabellos, toupas. Polo ben da colectividade hai que suppar esta etapa da maledicencia e desbotar ós infecundos.

AVELINO DIAZ.



## As son da zana

# Tocan as campanas

As campanas, en Hespaña, de tons inundan o ar; unhas berran cantareiras, outras graves notas dan. ¿Qué o que nuncian as campanas co seu constante soar? ¡Din, don! ¡Din, dan!

Hai quen di que todo o mundo xa do porco farto está, mais non sabe de qué xeito poderáse del ceibar. ¿Os manexos de don Inda cos secueces de don Xan? ¡Din, don! ¡Din, dan!

A aristocracia patea: quere de novo mandar, e estorbándolle o cochino pide un rei, como as arráns. ¿A monarquía carlista ou a constitucional? ¡Din, don! ¡Din, dan!

Os cregos tamén rezongan, e seguindo ao Vaticano, queren facer un partido democrático cristián. ¿O demo, farto de carne, convértese en sacristán? ¡Din, don! ¡Din, dan!

Os milites, asimesmo, moi contentos non están; todos téñense por años de suplir ao xeneral. ¿Atravérase algún deles a dar o salto mortal? ¡Din, don! ¡Din, dan!

Hasta os lobos de Falanxe non se cansan de ouvear, e amenzan ao Caudillo con audacia singular. "¡Nin Stalin nin vostede; non hai quen nos meta man!" ¡Din, don! ¡Din, dan!

Todos tratan de apartarse do maldito animal; os ánecos que o acariñan son John Bull e o Tío Sam. ¿Vaia un par de persianas pra salvar á Humanidade! ¡Din, don! ¡Din, dan!

Deste totum revolutum, no final, ¿qué cairá? Non perdamos a esperanza nun toque de funeral. Escoitemos, das campanas, o seu cántico augural. ¡Din, don! ¡Din, dan!

POR

VERDUGUILLO

paña el régimen democrático y liberal, que fué abatido con la ayuda de los nazifascistas, no se podrá alardear del derecho de los pueblos a darse el gobierno que les plazca, ni lanzar eicomuniones contra quienes no se plegan a la voluntad de los que quieren marcar rumbos a la Humanidad.

Puede ser que alguien nos trate de ilusos y diga que estamos en el limbo. Ciertamente, estaremos en el limbo. Mas preferimos eso que ir al cielo con los pillastres.

LEA E DIFUNDA

A NOSA TERRA

PERIODICO AUTENTICO

GALEGO, QUE DEFENDE

A AUTONOMIA DE GA-

LIZA

### PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidades.

# A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO CENTRAL B  
FRANQUEO PAGADO  
Concesión N° 2022  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión N° 2727  
Registro Nacional de la Prop. Intelectual 231.437

Ano XXX — Núm. 465

BOS AIRES, NOVEMBRO DE 1948

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## Homenaxe - Despedida ao Doctor Irujo

Na noite do 30 d-outono derradeiro, foi ouxeto d'un brillante homenaxe o esgrevio patriota vasco, ex-ministro da República Española, Dr. Manoel Irujo co gallo do seu viaxe de volta a Londres. O homenaxe realizouse na sede social da prestixiosa entidade vasca Laurak-Bat, coa asistencia de numeroso público que lle testimoniou a súa afevoadada simpatía e admiración pol-a grandeira i eficace laboura que ten desenrolado a prol da causa de Euskadi e da democracia ea liberdade de Hespaña.

O homenaxe consistiu n-unha mostra de danzas vascas e n-un banquete, aitos aos cales asistiron, coma proba de prena solidariedade, representacións de intelectuales e democratas-cristiáns arxentinos, de vascos franceses e de patriotas cataláns e galegos. Os patriotas galegos estiveron representados por persoeros do Consello de Galiza, da Irmandade Galega e do Centro Ourensán.

As danzas vascas desenroláronse, con moito lucimento, na cancha de pelota. Logo a numerosa concurrencia pasou ao gran salón onde foi servido o banquete. Na cabeceira, facíanlle compañía ao Dr. Irujo os embaixadores de México Lic. Johan M. Alvarez del Castillo e de Venezuela Inxenheiro Lois Roche.

Aos postres, fixo o efercemento do homenaxe, en elocuentísimo discurso, o inxenheiro Xosé Urbano de Aguirre, outa personalidade arxentina, que foi moi apraudido. Logo erguéuse pra agradecer o Dr. Manoel Irujo, sendo ouxeto d-unha afevoadada ovación. O Dr. Irujo pronunciou un brillante e concetuoso discurso que foi interrompido frecuentemente con quentes aprausos. Na súa medulosa disertación, tivo o Dr. Irujo axeitadas verbas a prol das liberdades da Galiza.

Na imposibilidade de asistir a dito homenaxe o Presidente do Consello da Galiza, Dr. Alfonso R. Castelao, —xa que a mesma hora presidía coma invitado de honor un importante banquete da coledividade galega—, concurreu, na súa representación persoal, a súa esposa Doña Virxinia Pereira de Castelao, cuia presenza no homenaxe ao Dr. Irujo foi destacada pol-o anunciador das adhesións, sendo ouxeto de afevoados aprausos por parte da concurrencia.

## A cultura como base da acción Galeguista

Quen poidera outear no lonxe futuro a sorte que agarda a nosa terra no concerto dos povos hispanos, tería na súa man a sorte de facer unha orientación do intre actual e da laboura que mellor se atope proveitosa para un ouxetivo inmediato. Mais o certo é que estamos a cegas pra falar ca responsabilidade que o problema inquirir. O certo é que temos a obriga moral de facer o posible e por tanto, ter fortes bases con que amostrarmos na loita. Ista bases poiden ser soamente políticas e, como tales, seren o produto de maxinacións filosóficas ea tendencia de xustificar os dereitos de tal ou cal clase social e sempre expostos a deixar a sospeita de ser nosas verbas o herro oiante de desplazados da situación en trance de buscar adeptos con intereses comúns pra engrosar a noxa falanxe. Poden tamén seren as nosas bases sentimentales e buscar no renacemento de outros povos ea súa nacionalidad o pretexto pra pectar no seu sentimentalismo e conquistar apoio na nosa loita. Mais tanto as bases puramente políticas, como as sentimentales están suxetas ás circunstancias actuais e pol-o tanto a súa consistencia é tamén circunstancial e precaria. Soamente a visión dunha pronta solución ós nosos problemas rexionales atoparía beneficio de tales argumentos.

nosas real situación de incerti-

dume ten máis bretemas, e pra chegar a porto seguro, pese o que pese, é preciso loitar como sabendo que a satisfacción do resultado feliz quizabes novas xeracións sexan destinadas a conquistar.

O punto de partida de todo movemento de acción dos povos, debe estar fundamente baseado en feitos moraes. Unha organización cujos ideais atopan concordia pra solucionar todol-os problemas da comunidade sin ideoloxías preformadas de autarquía, anarquía nin demagoxias ten máis forza moral que ningunha das doutrinas encontradas con que abocan oxe os povos a solución dos seus problemas sociais. Por eso o galeguismo pra enraizar fundamente nas próximas xeracións non debe embarcarse con ningún sistema político dos conocidos, senón soamente facer a política chamada galeguista; vale decir aquela que vela pol-a nosa cultura, posto que cultivándoa debidamente os seus valores permitirán que a chama da nosa personalidade alumée sempre no fogar ibérico.

Esa personalidade cultural é a que manterá mellor que nada a nosa conciencia nacional a través do tempo hasta que ocupemos o lugar do que estamos despoñados e por eso é e debe seguir sendo a nosa máis forte base de programación en todol-os actos de movemento partidario.

## O XANTAR DE CORCUBION

Como todol-os anos, o A. B. C. de Corcubión celebrou o 30 do derradeiro mes de outubro un novo aniversario da súa fundación e da súa revista "Alborada". Arredor de 500 persoas concurriron ao simpático aito, que foi presidido pol-os seus invitados de honor, o presidente do Consello de Galiza, Alfonso R. Castelao, e o segredario do mesmo Antón Alonso Ríos. Estiveron presentes os presidentes das sociedades máis representativas da nosa coledividade.

Ofreceu a comida o presidente da entidade, señor Xosé Carballo, que non discurso, pleo

de emoción patriótica, fixo unha reseña da laboura realizada pol-a sociedade, que mereceu un quente aprauso dos asistentes. Falaron despóis o escribano oficial de entidade, señor Elías M. Lestón, o doctor Miñones e o director da revista, don Gervasio Paz Lestón, quen ao referirse á laboura cultural e patriótica realizada por "Alborada", tivo verbas eloxiosas para os seus fundadores e para todos aqueles que lle prestan a súa axuda.

Seguidamente, o señor Alonso Ríos, con esa unción galega n-él tan característica, pronunciou un brillante discurso, poñendo de manifesto a nobreza dos propósitos que animan a laboura outamente patriótica, galeguista e republicán dos homes que con xusto dereito, están colocados á cabeza dos galegos que aman sinceramente á súa Terra. Afondou en outros concetos que xustifican e obrigan tal conducta, a que —dixo— "non debe continuar sendo de servidores de dereitas alleas, senon de colaboradores sinceros de todol-os demáis irmáns que forman a Península ibérica.

O señor Alonso Ríos foi extraordinariamente apraudido e felicitado pol-o seu vibrante e fermoso discurso.

Ao final, o esgrevio persoeiro de Galiza, o "noso" Castelao coa verba maravilosa que sae dos seus beizos i encende os

corazóns das moitedumes, aludeu aos distintos aitos celebrados no trascurso do ano, moitos deles de carácter cultural, nos que foi evidenciado o sentimento fondamente patriótico galego dos seus organizadores e o cordial apoio que lles prestou a coledividade.

Fixo notar especialmente os aitos organizados pol-o Centro Galego, de tan outa categoría, que provocaron unha singular acollida na prensa do país, significándose particularmente o meirande xornal escrito en lingua castelán "La Prensa", cuio editorial sobre da Disposición do Libro Galego, foi a consagración do noso espírito en Bós Aires.

Refireuse tamén aos aitos celebrados nas distintas entidades que honran a Galiza e son exemplo para a nosa coledividade.

Ao cabo de outras acertadas consideracións, conclueu preguntando aos presentes "a perseverar sen desmaios até conquistar o máis fervente anxeo que nos xingue: unha Galiza autónoma, formando parte dun Estado republicán hespañol".

Unha estrondosa ovación acolleu as derradeiras verbas de Castelao, que xa había sido longamente apraudido durante o seu magnífico discurso.

Felicitamos cordialmente á prestixiosa sociedade de Corcubión, que en todol-os intres amestra tan outo espírito de galegitude.

### CANTARES

*A moza que é bonita  
e non mira pra ningún  
canto máis baizño mira  
tantos máis amores ten.*

*O carballo do Galleiro  
ten a folla revirada,  
que lla revirou o vento  
unha mañán de ziaida.*

*As mocías do San Xorxe  
moito teñen que chorar  
porque lles marchan os mozos  
pra o servico militar.*

*Dende a miña casa á túa  
hai o salto dunha cobra...  
Iuda lle penso chamar  
á tua nai miña sogra.*

*Os ollos brancos son falsos,  
os negros namoradeiros;  
vivan os ollos castaños  
por firmes e verdadeiros.*

*Portadora das raínas,  
volta atrás, que vas perdido:  
esa muller que ahí levás  
é casada e ten marido.*

*Debaixo do lavadouro  
dónde María lavaba,  
rabía unha sementeira  
que o seu Manoel apañaba.*

*Ofrecécheme unha tunda,  
choqueira de Redondela,  
ofrecécheme unha tunda...  
¡agora veño por ela!*

*Pensaches que porque ría  
que xa me tiñas na man;  
inda tés que dar máis voltas  
que dá o muíño en van.*

*Hai que alta vai a Lúa,  
máis alto vai o luar,  
máis alta vai a fortuna  
que Dios ten para me dar.*

*Arriba, coxo, que é tarde,  
busca pousada con día;  
os cozos na miña terra  
búscana xa ao medio día.*

*O sura vendeu a bura  
por non lle dar a cebada;  
agora vai aos enterrós  
a cabalo da criada.*

## Aito da Coral Galega "TERRA A NOSA"

Organizado pol-os Centros Ourensán e Pontevedrés, levouse a cabo no Teatro Arxentino na noite do 12 —dise mes de Novembro un festival artístico-coral persentado pol-a prestixiosa Coral-Galega "Terra Nosa". Asistiu numeroso público, entre o que se destacaban esgrevias figuras da nosa coledividade. Ocupaban un paleo, coma invitados de honor o Presidente eo Segredario do Consello de Galiza Dr. Alfonso R. Castelao e D. Antón Alonso Ríos, a quenes facían compañía os presidentes dos Centros Ourensán, D. Antón Rodríguez, e Pontevedrés señor Dios, o presidente da Irmandade Galega D. Manoel Puente eo ex-presidente do Centro Ourensán D. Claudio Fernandez.

A Coral "Nosa Terra", baixe a brillante dirección do esgrevio mestre D. Isidro B. Maiztegui, interpretou maxistralmente un amplo programa de cancións galegas que lle valeron longas e quentes ovacións. A actuación da dita Coral veu a reafirmar o outísimo conceto que xa ten conquistado non soamente no seo

da coledividade galega, senon tamén nos meios artísticos e intelectuales arxentinos. E unha corporación artística que fai extraordinario honor ao arte galego. O nome da nosa patria Galiza acada brillanteza e prestixio con cada actuación da Coral "Terra Nosa". Por elo nos comprace, unha vegada máis, felicitar ao seu dino e competentísimo director Señor Maiztegui, a tudol-os compoñentes do conxunto, eo Centro Ourensán a cuio seo pertence.

Compretou o festival a presentación d-unhas estampas de ambiente galego que, certamente, non estiveron a outura do concerto de cancións que brindou a Coral "Terra Nosa". Sen poñernos a vulgar a fautura literaria nin a interpretación das ditas estampas, non se pode por menos que sinalar que isa parte do programa non acadou a categoría da actuación da Coral. Coidamos que é un erro o faguer ises engadidos nas actuacións do Conxunto "Terra Nosa", pois il, de por sí, ten voores suficientes pra encher calisquei programa.